

**ENQUISA DE
CONDICIÓNS DE
VIDA DAS FAMILIAS**

**COÑECEMENTO E
USO DO GALEGO**

ANO 2003

Santiago de Compostela, 2004

Instituto Galego de Estatística
Complexo administrativo San Lázaro
San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 5415 89 (de 9 a 14 horas)
Fax: 981 54 13 23
e-mail: ige@xunta.es
<http://www.ige.xunta.es>

Elaboración

Instituto Galego de Estatística

Edita

Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Facenda

Colección

Área de Estatísticas Sociais

Dep. legal

Deseño da portada

Permuy asociados

Tiraxe

250 exemplares

Imprime

Índice

1. Coñecemento do galego.....	5
2. Lingua materna e habitual	17
3. Uso do galego.....	25

Introdución

A *Enquisa de condicións de vida das familias* é unha operación estatística anual que realiza o Instituto Galego de Estatística, enmarcada dentro do ámbito de información referente ao benestar social. Actualmente é a maior enquisa que se fai en Galicia, o seu tamaño de mostra é de preto de 6.500 fogares e enquisáronse aproximadamente a 20.000 persoas.

A estrutura da enquisa diferénciase claramente en dúas partes, cada unha cun método de recollida de información distinto. A información da primeira parte é obtida mediante entrevista persoal presencial utilizando para iso o cuestionario xeral, mentres que, para a segunda parte, o

método de recollida é que todos os membros enquisables do fogar cubran persoalmente un cuestionario especialmente deseñado para ese fin. Os datos referentes ás novas tecnoloxías recóllense no segundo cuestionario.

Este folleto é o derradeiro dunha serie de tres que complementan o libro *Enquisa de condicións de vida das familias. Módulo de coñecemento e uso do galego. Principais resultados. Ano 2003*. O primeiro dos folletos versou sobre os ingresos dos fogares galegos e o segundo sobre o uso das novas tecnoloxías nos fogares galegos.



1. Coñecemento do galego

1.1. Introducción

A información que se proporciona nesta epígrafe versa sobre o grao de coñecemento do idioma galego, nos seus distintos modos, que ten a poboación residente en Galicia, caracterizada polas variables sociodemográficas máis relevantes.

A poboación obxecto de estudo en todo este folleto é a composta por persoas membros do fogar con 5 ou máis anos de idade, a non ser que se indique o contrario.

1.2. Coñecemento do galego falado

1.2.1. Introducción

Neste apartado non se considera como poboación obxecto de estudo aquelas persoas que, por causas psíquicas ou físicas, non estean capacitadas para entender o galego falado.

1.2.2. Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado

O 80,95% dos galegos entende moito o galego falado, fronte ao 2,80% que o entende pouco ou nada.

Por provincias, a maior porcentaxe de poboación que o entende moito dáse na Coruña (84,06%), mentres que a menor é a de Pontevedra, (75,42%).

Pola contra, a maior porcentaxe dos que o entenden pouco ou nada dáse en Pontevedra (3,44%), e a menor en Lugo (1,70%).

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO FALADO			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
A Coruña	84,06	13,01	2,93
Lugo	83,13	15,17	1,70
Ourense	83,52	14,67	1,81
Pontevedra	75,42	21,15	3,44
Galicia	80,95	16,25	2,80

Fonte: IGE

A enquisa de condicións de vida das familias proporciona información cun nivel de desagregación xeográfica por debaixo da provincia. Para poder acometer ese fin, agrupáronse as distintas comarcas de Galicia nas seguintes áreas:

A Coruña	
Área A	A Coruña oriental
Área B	A Coruña occidental
Área C	Comarca de Santiago
Área D	Comarca da Coruña
Área E	Comarca de Ferrol
Lugo	
Área A	Lugo sur
Área B	Comarca de Lugo
Área C	Lugo norte
Ourense	
Área A	Resto das comarcas
Área B	Comarca de Ourense
Pontevedra	
Área A	Pontevedra occidental
Área B	Pontevedra oriental
Área C	Comarca de Pontevedra
Área D	Comarca de Vigo

Os resultados obtidos por áreas sinalan importantes diferenzas dentro do entendemento do galego falado segundo as áreas analizadas.

Así temos que na Coruña a área B, A Coruña occidental, presenta a porcentaxe máis alta de persoas que entenden moito o galego falado (94,94%), mentres que a área E, comarca do Ferrol, presenta a porcentaxe máis baixa (67,41%).

A porcentaxe máis alta de persoas que saben falar pouco ou nada o galego alcánzase na área D, comarca da Coruña (5,58%), mentres que a menor dáse na área B (0,41%).

A área B é a área na que se dá a máis alta porcentaxe de persoas que saben falar moito en galego en Galicia e na que se dá a máis baixa porcentaxe de persoas que o saben falar pouco ou nada.

A área D presenta a porcentaxe máis alta de todas as áreas galegas no tocante a persoas que entenden pouco ou nada o galego falado.

Na Coruña tamén está a área de Galicia que presenta a porcentaxe máis baixa de persoas que saben falar moito en galego, en concreto a área E.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO FALADO A CORUÑA			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Área A	88,90	10,04	1,06
Área B	94,94	4,65	0,41
Área C	84,08	13,66	2,26
Área D	80,75	13,67	5,58
Área E	67,41	28,67	3,92
A Coruña	84,06	13,01	2,93

Fonte: IGE

En Lugo, a área C, Lugo norte, é a que presenta a maior porcentaxe de persoas que entenden moito o galego falado, mentres que a área A, Lugo sur, presenta a menor porcentaxe (76,48%).

Pola contra, a área C presenta a menor porcentaxe de persoas que entenden pouco ou nada o galego falado (cun 0,84%), mentres que a área A presenta a maior (2,22%).

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO FALADO LUGO			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Área A	76,48	21,30	2,22
Área B	85,43	12,43	2,14
Área C	87,31	11,85	0,84
Lugo	83,13	15,17	1,70

Fonte: IGE

No tocante a Ourense, a porcentaxe maior de persoas que entenden moito o idioma galego dáse na área A (84,70%), mentres que a menor é na área B (81,78%).

Na área A dáse a menor porcentaxe dos que saben falar pouco ou nada o galego falado (1,49%), mentres que na área B a porcentaxe é do 2,28%.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO FALADO OURENSE			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Área A	84,70	13,80	1,49
Área B	81,78	15,94	2,28
Ourense	83,52	14,67	1,81

Fonte: IGE

En Pontevedra, a maior porcentaxe dos que entenden moito o galego falado dáse na área B, Pontevedra oriental (91,03%), mentres que a menor dáse na área C, comarca de Pontevedra (67,02%).

No tocante ás porcentaxes de persoas que entenden pouco ou nada o galego falado, a maior é a da área D, comarca de Vigo (cun 5,29%), mentres que a menor dáse na área B (0,69%).

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO FALADO PONTEVEDRA			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Área A	83,52	14,13	2,35
Área B	91,03	8,27	0,69
Área C	67,02	30,24	2,73
Área D	67,15	27,57	5,29
Pontevedra	75,42	21,15	3,44

Fonte: IGE

1.2.3. Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado. Distribución segundo o sexo

O 81,93% dos homes galegos entenden moito o galego falado, fronte ao 80,05% das mulleres.

Se consideramos as porcentaxes de persoas que entenden pouco ou nada o galego falado, estas son para os homes do 2,60%, mentres que para as mulleres alcanzan un 2,99%.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO FALADO DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O SEXO. GALICIA		
	Homes	Mulleres
Moito	81,93	80,05
Bastante	15,46	16,97
Pouco ou nada	2,60	2,99

Fonte: IGE

1.2.4. Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado. Distribución segundo a idade

O 82,30% das persoas de 5 a 29 anos entenden moito o galego falado, fronte ao 81,39% dos de 30 a 49 anos e o 79,59% dos de 50 ou máis anos.

Os que o entenden pouco ou nada son o 3,04% da poboación de 5 a 29 anos, o 2,55% dos de 30 a 49 anos e o 2,82% dos de 50 ou máis anos.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO FALADO DISTRIBUCIÓN SEGUNDO A IDADE. GALICIA			
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos
Moito	82,30	81,39	79,59
Bastante	14,66	16,06	17,59
Pouco ou nada	3,04	2,55	2,82

Fonte: IGE

1.2.5. Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado. Distribución segundo o nivel de formación

O 81,00% da poboación galega con educación non superior entende moito o galego, fronte ao 83,47% dos que teñen educación superior.

Se consideramos as porcentaxes de persoas que entenden pouco ou nada o galego, estas son do 2,72% para os que teñen educación superior e do 2,60% para os que teñen educación non superior.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO FALADO DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O NIVEL DE FORMACIÓN. GALICIA		
	Educación non superior	Educación superior
Moito	81,00	83,47
Bastante	16,40	13,81
Pouco ou nada	2,60	2,72

Fonte: IGE



1.2.6. Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado.
Distribución segundo o lugar de nacemento

O 82,87% das persoas nadas en Galicia entenden moito o galego falado, fronte ao 1,98% dos que o entenden pouco ou nada.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO FALADO DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O LUGAR DE NACEMENTO. GALICIA			
	En Galicia	Noutra comunidade autónoma	Noutro país
Moito	82,87	59,09	60,96
Bastante	15,15	31,31	24,93
Pouco ou nada	1,98	9,60	14,11

Fonte: IGE

Pola contra, se consideramos os nados noutra comunidade autónoma, a porcentaxe dos que o entenden moito baixa ata un 59,09%, e, se consideramos os nados noutro país, a porcentaxe é do 60,96%.

As porcentaxes dos que o entenden pouco ou nada son do 9,60% para os nados noutra comunidade e do 14,11% para os nados noutro país.

1.3. Persoas segundo saben falar en galego

1.3.1. Introducción

Neste apartado non se considera como poboación obxecto de estudo aquelas persoas que, por causas psíquicas ou físicas, non estean capacitadas para falar.

1.3.2. Persoas segundo saben falar en galego

O 67,69% da poboación galega sabe falar moito en galego, fronte ao 10,61% que o sabe falar pouco ou nada.

Por provincias, a maior porcentaxe dos que o saben falar moito correspóndelle a Ourense (75,60%), mentres que a menor é a de Pontevedra (61,52%). Lugo e A Coruña presentan unhas porcentaxes superiores á media galega, 71,65% e 69,16% respectivamente.

PERSOAS SEGUNDO SABEN FALAR EN GALEGO			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
A Coruña	69,16	19,63	11,21
Lugo	71,65	21,60	6,74
Ourense	75,60	17,60	6,80
Pontevedra	61,52	25,72	12,76
Galicia	67,69	21,70	10,61

Fonte: IGE

Analizando os datos dos que o saben falar pouco ou nada, a maior porcentaxe dáse en Pontevedra (12,76%), mentres que a menor preséntaa Lugo (6,74%). A Coruña ten unha porcentaxe moi parella con Pontevedra (11,21%) mentres que Ourense presenta un 6,80%, porcentaxe moi similar á de Lugo.

Considerando os resultados por áreas, vemos como na área B, A Coruña occidental, se alcanza a maior porcentaxe de persoas que saben falar moito en galego (90,12%), mentres que na área E, comarca do Ferrol, presenta a menor porcentaxe (43,21%).

Non obstante é na área D, comarca da Coruña, onde existe unha maior porcentaxe de persoas que saben falar pouco ou nada o galego.

A área B da Coruña é a área galega con maior porcentaxe de persoas que saben falar moito en galego e que presenta a menor porcentaxe de persoas que saben falar pouco ou nada o galego.

Tamén A Coruña ten a área galega cunha maior porcentaxe de persoas que saben falar pouco ou nada o galego, en concreto a área D, e a que presenta a menor porcentaxe dos que o saben falar moito, a área E.

PERSOAS SEGUNDO SABEN FALAR EN GALEGO. A CORUÑA			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Área A	77,02	19,13	3,85
Área B	90,12	7,28	2,60
Área C	70,00	19,61	10,39
Área D	60,39	19,56	20,05
Área E	43,21	42,17	14,62
A Coruña	69,16	19,63	11,21

Fonte: IGE

Na provincia de Lugo, na área C, Lugo norte, dáse a maior porcentaxe de persoas que saben falar moito en galego (78,48%), mentres que na área A, Lugo sur, dáse a menor (64,18%).

PERSOAS SEGUNDO SABEN FALAR EN GALEGO. LUGO			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Área A	64,18	29,50	6,33
Área B	71,72	18,90	9,39
Área C	78,48	16,65	4,88
Lugo	71,65	21,60	6,74

Fonte: IGE

Pola contra, a área B, comarca de Lugo, é a que presenta a porcentaxe máis alta de persoas que saben falar pouco ou nada o galego, e a área C presenta a menor (4,88%).

No tocante ás áreas de Ourense, na área A dáse a maior porcentaxe dos que saben falar moito o galego (79,42%) e a menor dos que o saben falar pouco ou nada (4,61%).

PERSOAS SEGUNDO SABEN FALAR EN GALEGO. OURENSE			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Área A	79,42	15,97	4,61
Área B	69,93	20,02	10,04
Ourense	75,60	17,60	6,80

Fonte: IGE

En Pontevedra, a área B, Pontevedra oriental, ten a porcentaxe máis alta da provincia no tocante a persoas que saben falar moito o galego (85,69%), mentres que a área D, comarca de Vigo, presenta a menor porcentaxe (46,33%).

A área B tamén presenta a porcentaxe máis baixa de persoas que saben falar pouco ou nada en galego (2,64%) e a área D presenta a máis alta (19,45%).

PERSOAS SEGUNDO SABEN FALAR EN GALEGO. PONTEVEDRA			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
Área A	73,61	17,44	8,95
Área B	85,69	11,67	2,64
Área C	58,00	31,84	10,16
Área D	46,33	34,22	19,45
Pontevedra	61,52	25,72	12,76

Fonte: IGE



1.3.3. Persoas segundo saben falar en galego. Distribución segundo o sexo

O 69,63% dos homes galegos saben falar moito en galego, fronte ao 65,91% das mulleres.

Considerando as porcentaxes dos que o saben falar pouco ou nada, esta para as mulleres son do 11,93% e para os homes do 9,17%.

PERSOAS SEGUNDO SABEN FALAR EN GALEGO. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O SEXO GALICIA		
	Homes	Mulleres
Moito	69,63	65,91
Bastante	21,21	22,16
Pouco ou nada	9,17	11,93

Fonte: IGE

1.3.4. Persoas segundo saben falar en galego. Distribución segundo a idade

O 65,87% das persoas galegas de 5 a 29 anos saben falar moito en galego, fronte ao 65,51% dos de 30 a 49 anos e o 70,70% dos de 50 ou máis anos.

As porcentaxes dos que o saben falar pouco ou nada varían desde o 8,83% dos de 50 ou máis anos ao 12,57% dos de 30 a 49 anos.

PERSOAS SEGUNDO SABEN FALAR EN GALEGO. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO A IDADE GALICIA			
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos
Moito	65,87	65,51	70,70
Bastante	23,12	21,91	20,46
Pouco ou nada	11,01	12,57	8,83

Fonte: IGE

1.3.5. Persoas segundo saben falar en galego. Distribución segundo o nivel de formación

O 69,91% dos galegos con educación non superior saben falar moito en galego, fronte ao 63,29% dos que teñen educación superior.

O 14,45% dos galegos que teñen educación superior saben falar o galego pouco ou nada, fronte ao 8,93% dos que teñen educación non superior.

PERSOAS SEGUNDO SABEN FALAR EN GALEGO. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O NIVEL DE FORMACIÓN. GALICIA		
	Educación non superior	Educación superior
Moito	69,91	63,29
Bastante	21,16	22,25
Pouco ou nada	8,93	14,45

Fonte: IGE

1.3.6. Persoas segundo saben falar en galego. Distribución segundo o lugar de nacemento

O 39,97% da poboación galega nacida noutro país sabe falar moito en galego, fronte ao 26,60% dos nados noutra comunidade autónoma. A porcentaxe para os nados en Galicia é do 70,86%.

PERSOAS SEGUNDO SABEN FALAR EN GALEGO. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O LUGAR DE NACEMENTO. GALICIA			
	En Galicia	Noutra comunidade autónoma	Noutro país
Moito	70,86	26,60	39,97
Bastante	21,39	24,40	25,85
Pouco ou nada	7,75	48,99	34,18

Fonte: IGE

1.4. Medios polos que aprenderon a falar en galego

1.4.1. Medios polos que aprenderon a falar en galego

A familia foi o medio máis utilizado para aprender a falar en galego, a porcentaxe é do 83,27%. A escola, cun 30,41%, e os amigos ou veciños, cun 13,94%, tamén alcanzan porcentaxes altas.

MEDIOS POLOS QUE APRENDERON A FALAR EN GALEGO. GALICIA	
	Porcentaxe
Familia	83,27
Escola	30,41
Amigos, veciños	13,94
Traballo	3,39
Outro tipo	2,83

Fonte: IGE

Debe lembrarse para a análise dos resultados obtidos que unha persoa pode utilizar varios medios para aprender a falar un idioma.

1.4.2. Medios polos que aprenderon a falar en galego segundo a idade

O 93,62% dos galegos de 50 ou máis anos aprenderon a falar en galego mediante a familia, fronte ao 83,32% dos de 30 a 49 anos e o 69,73% dos de 5 a 29 anos.

Se consideramos a escola, as porcentaxes son do 4,69% para os de 50 ou máis anos, do 27%, para os de 30 a 49 anos, e do 67,25%, para os de 5 a 29 anos.

Volvemos atopar diferenzas significativas se analizamos os que aprenderon a falalo mediante amigos ou veciños, as porcentaxes son do 16,62%, 15,30% e 9,12% para a poboación de 50 ou máis

anos, de 30 a 49 anos, e de 5 a 29 anos, respectivamente.

MEDIOS POLOS QUE APRENDERON A FALAR EN GALEGO SEGUNDO A IDADE. GALICIA			
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos
Familia	69,73	83,32	93,62
Escola	67,25	27,00	4,69
Amigos, veciños	9,12	15,30	16,62
Traballo	1,34	6,29	2,81
Outro tipo	0,85	4,63	3,01

Fonte: IGE

1.4.3. Medios polos que aprenderon a falar en galego segundo o lugar de nacemento

O 85,52% dos galegos nados en Galicia aprenderon a falar en galego mediante a familia. Se consideramos os nados noutra comunidade autónoma, a porcentaxe baixa ata un 41,65% e, se consideramos os nados noutro país, a porcentaxe é do 65,28%.

O 17,66% dos nados noutra comunidade autónoma aprenderon a falar o galego no traballo, fronte ao 8,07% dos nados noutro país e o 2,68% dos nados en Galicia.

MEDIOS POLOS QUE APRENDERON A FALAR EN GALEGO SEGUNDO O LUGAR DE NACEMENTO. GALICIA			
	En Galicia	Noutra comunidade autónoma	Noutro país
Familia	85,52	41,65	65,28
Escola	30,00	33,41	38,26
Amigos, veciños	13,05	28,78	22,60
Traballo	2,68	17,66	8,07
Outro tipo	2,16	15,88	7,37

Fonte: IGE

1.5. Entendemento do galego escrito

1.5.1. Introducción

A poboación de estudo, en todo o apartado de entendemento do galego escrito, non inclúe as persoas que, por causas psíquicas ou físicas, sexan incapaces de entender o galego escrito, así como as persoas que non saben ler.

1.5.2. Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito

O 57,97% da poboación galega entende moito o galego escrito. Por outro lado, un 14,20% enténdeo pouco ou nada.

Por provincias, A Coruña presenta a porcentaxe máis alta de persoas que o entenden moito (62,26%) e Ourense, a máis baixa (47,60%).

Por outro lado, Pontevedra presenta a porcentaxe máis baixa (12,93%) dos que o entenden pouco ou nada e Ourense, a maior (20,32%).

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO ESCRITO			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
A Coruña	62,26	24,04	13,70
Lugo	61,18	25,47	13,35
Ourense	47,60	32,09	20,32
Pontevedra	55,33	31,74	12,93
Galicia	57,97	27,82	14,20

Fonte: IGE

1.5.3. Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito. Distribución segundo o sexo

O 60,02% dos homes galegos entenden moito o galego escrito, fronte ao 56,05% das mulleres.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO ESCRITO DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O SEXO. GALICIA		
	Homes	Mulleres
Moito	60,02	56,05
Bastante	27,83	27,81
Pouco ou nada	12,15	16,14

Fonte: IGE

Considerando a porcentaxe de poboación que o entende pouco ou nada, os homes presentan un 12,15% mentres que as mulleres un 16,14%.

1.5.4. Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito. Distribución segundo a idade

O 75,41% dos galegos de 5 a 29 anos entenden moito o galego escrito, mentres que o 5,10% enténdeo pouco ou nada.

Considerando a poboación de 30 a 49 anos, as porcentaxes son do 65,42% para os que o entenden moito e do 7,61 para os que o entenden pouco ou nada.

Se tomamos a poboación composta polos galegos de 50 ou máis anos, as porcentaxes son do 38,41% e do 26,54% para os que o entenden moito e pouco ou nada respectivamente.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO ESCRITO DISTRIBUCIÓN SEGUNDO A IDADE. GALICIA			
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos
Moito	75,41	65,42	38,41
Bastante	19,49	26,97	35,06
Pouco ou nada	5,10	7,61	26,54

Fonte: IGE

1.5.5. Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito. Distribución segundo o nivel de formación

O 77,86% dos galegos con educación superior entende moito o galego escrito, mentres que o 3,65% enténdeo pouco ou nada. Se consideramos os galegos que teñen educación non superior, as porcentaxes son do 52,44% para os que o entenden moito e do 17,20% para os que o entenden pouco ou nada.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO ESCRITO DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O NIVEL DE FORMACIÓN. GALICIA		
	Educación non superior	Educación superior
Moito	52,44	77,86
Bastante	30,37	18,49
Pouco ou nada	17,20	3,65

Fonte: IGE

1.5.6. Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito. Distribución segundo o lugar de nacemento

O 59,09% dos galegos nados noutra comunidade autónoma entende moito o galego escrito, fronte ao 9,60% que o entende pouco ou nada.

Para os nados noutra país, as porcentaxes son do 60,96% para os que o entenden moito e do 14,11% para os que o entenden pouco ou nada.

Considerando os datos para os nados en Galicia, o 82,87% dos galegos entende o galego escrito moito e o 1,98% enténdeo pouco ou nada.

PERSOAS SEGUNDO O GRAO DE ENTENDEMENTO DO GALEGO ESCRITO DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O LUGAR DE NACEMENTO. GALICIA			
	En Galicia	Noutra comunidade autónoma	Noutra país
Moito	82,87	59,09	60,96
Bastante	15,15	31,31	24,93
Pouco ou nada	1,98	9,60	14,11

Fonte: IGE

1.6. Persoas segundo saben escribir en galego

1.6.1. Introducción

A poboación de estudo neste apartado non inclúe as persoas que, por causas psíquicas ou físicas, sexan incapaces de escribir, así como as persoas que por outras causas non saben escribir.

1.6.2. Persoas segundo saben escribir en galego

O 28,14% dos galegos sabe escribir moito en galego, fronte ao 46,76% que sabe pouco ou nada.

Por provincias, A Coruña presenta a maior porcentaxe dos que saben escribir moito en galego, mentres que Pontevedra presenta a menor (25,44%). Lugo ten unha porcentaxe do 29,44% e Ourense dun 25,53%.



Considerando os que saben escribir pouco ou nada, a provincia cunha maior porcentaxe é Ourense (53,99%), mentres que a menor preséntaa Pontevedra (43,94%). Lugo ten un 45,66% e A Coruña un 47,29%.

PERSOAS SEGUNDO SABEN ESCRIBIR EN GALEGO			
	Moito	Bastante	Pouco ou nada
A Coruña	30,75	21,96	47,29
Lugo	29,44	24,90	45,66
Ourense	25,53	20,48	53,99
Pontevedra	25,44	30,62	43,94
Galicia	28,14	25,10	46,76

Fonte: IGE

1.6.3. *Persoas que saben falar en galego pero non o saben escribir*

O 20,57% das persoas galegas que saben falar en galego non o sabe escribir. Esta porcentaxe alcanza o máximo na provincia de Ourense (29,40%) e o mínimo en Pontevedra (16,09%).

PERSOAS QUE SABEN FALAR EN GALEGO PERO NON O SABEN ESCRIBIR	
	Porcentaxe
A Coruña	22,40
Lugo	18,09
Ourense	29,40
Pontevedra	16,09
Galicia	20,57

Fonte: IGE

1.6.4. *Persoas segundo saben escribir en galego. Distribución segundo o sexo*

O 29,12% dos homes sabe escribir moito en galego, fronte ao 27,22% das mulleres. As porcentaxes dos que o saben escribir

pouco ou nada son do 43,64% para os homes e do 49,70% para as mulleres.

PERSOAS SEGUNDO SABEN ESCRIBIR EN GALEGO. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O SEXO GALICIA		
	Homes	Mulleres
Moito	29,12	27,22
Bastante	27,24	23,08
Pouco ou nada	43,64	49,70

Fonte: IGE

1.6.5. *Persoas segundo saben escribir en galego. Distribución segundo a idade*

O 53,54% dos galegos de 5 a 29 anos sabe escribir moito en galego. A porcentaxe dese grupo etáreo que o sabe escribir pouco ou nada é do 12,88%.

Considerando o grupo dos galegos de 30 a 49 anos, a porcentaxe dos que o sabe escribir moito baixa ata un 28,27% e dos que o sabe escribir pouco ou nada aumenta ata o 41,17%.

O grupo dos galegos de 50 ou máis anos ten a porcentaxe máis baixa de persoas que saben escribir en galego moito (8,02%) e a máis alta dos que o saben escribir pouco ou nada (77,87%).

PERSOAS SEGUNDO SABEN ESCRIBIR EN GALEGO. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO A IDADE GALICIA			
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos
Moito	53,54	28,27	8,02
Bastante	33,58	30,56	14,11
Pouco ou nada	12,88	41,17	77,87

Fonte: IGE

1.6.6. *Persoas segundo saben escribir en galego. Distribución segundo o nivel de formación*

O 48,09% dos galegos que teñen educación superior sabe escribir moito en galego, fronte ao 21,52% dos que teñen educación non superior.

Considerando os galegos que saben escribilo pouco ou nada, as porcentaxes son do 55,18% para os que teñen educación non superior e do 24,49% para os que teñen educación superior.

PERSOAS SEGUNDO SABEN ESCRIBIR EN GALEGO. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O NIVEL DE FORMACIÓN. GALICIA		
	Educación non superior	Educación superior
Moito	21,52	48,09
Bastante	23,30	27,42
Pouco ou nada	55,18	24,49

Fonte: IGE

1.6.7. *Persoas segundo saben escribir en galego. Distribución segundo o lugar de nacemento*

O 22,93% das persoas que naceron noutro país sabe escribir moito en galego e o 50,49% sábeno escribir pouco ou nada. Considerando os nados noutra comunidade autónoma, as porcentaxes son do 18,19% para os que o saben escribir moito e do 63,70% para os que o saben escribir pouco ou nada.

O 28,85% dos nados en Galicia sabe escribir en galego moito, a cal é a maior porcentaxe, e o 45,78% pouco ou nada, a menor porcentaxe.

PERSOAS SEGUNDO SABEN ESCRIBIR EN GALEGO. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O LUGAR DE NACEMENTO. GALICIA			
	En Galicia	Noutra comunidade autónoma	Noutro país
Moito	28,85	18,19	22,93
Bastante	25,36	18,11	26,58
Pouco ou nada	45,78	63,70	50,49

Fonte: IGE

1.7. Medios polos que aprenderon a escribir en galego

1.7.1. *Medios polos que aprenderon a escribir en galego*

O 61,74% dos galegos aprendeu a escribir en galego mediante a escola, o 31,53% mediante a familia, o 2,53% mediante o traballo e o 2,20% mediante os amigos ou veciños.

Debe lembrarse para a análise dos resultados obtidos que unha persoa pode utilizar varios medios para aprender a escribir un idioma.

MEDIOS POLOS QUE APRENDERON A ESCRIBIR EN GALEGO. GALICIA	
	Porcentaxe
Familia	31,53
Escola	61,74
Amigos, veciños	2,20
Traballo	2,53
Outro tipo	15,72

Fonte: IGE

1.7.2. *Medios polos que aprenderon a escribir en galego. Distribución segundo a idade*

O 96,14 % dos galegos entre 5 e 29 anos aprendeu a escribir na escola e un 17,19% a través da familia. Considerando os de 30 a 49 anos, as porcentaxes varían e son o

31,23% os que aprenderon mediante a familia e o 55,96% na escola.

Considerando o grupo etáreo composto polas persoas de 50 ou máis anos, as porcentaxes sitúanse no 52,23% para os que aprenderon mediante a familia e un 20,36% mediante a escola.

Compre sinalar as altas porcentaxes alcanzadas polos que aprenderon a falar mediante outro medio nos grupos de 30 a 49 anos e de 50 ou máis, 20,66% e 30,13%, respectivamente.

MEDIOS POLOS QUE APRENDERON A ESCRIBIR EN GALEGO SEGUNDO A IDADE GALICIA			
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos
Familia	17,19	31,23	52,23
Escola	96,14	55,96	20,36
Amigos, veciños	0,83	2,79	3,37
Traballo	0,18	4,06	3,94
Outro tipo	1,12	20,66	30,13

Fonte: IGE

2. Lingua materna e habitual

2.1. Introducción

Esta epígrafe proporciona datos relevantes sobre a lingua na que os galegos aprenderon a falar, a lingua na cal lles falaban os seus pais e a lingua que actualmente falan e escriben.

2.2. Lingua na que aprenderon a falar

2.2.1. Introducción

A poboación obxecto de estudo neste apartado non inclúe as persoas que, por causas psíquicas ou físicas, non están capacitadas para falar.

2.2.2. Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar

O 51,75% dos galegos aprendeu a falar en galego, fronte ao 30,31% que aprendeu en castelán. A porcentaxe de galegos que aprendeu nos dous idiomas é do 16,27%.

Por provincias, Lugo presente a maior porcentaxe de persoas que aprenderon a falar en galego (65,85%), seguida de Ourense (59,39%) e A Coruña (50,67%). Pontevedra ten a porcentaxe máis baixa (44,85%).

Se consideramos a porcentaxe de persoas que aprenderon a falar en castelán, Pontevedra presenta a porcentaxe máis alta (36,45%) seguida pola Coruña (31,46%). Ourense ten unha porcentaxe do 20,59%, mentres que a porcentaxe máis baixa se dá en Lugo (19,90%).

	PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE APRENDERON A FALAR			
	Galego	Castelán	Nas dúas	Noutras
A Coruña	50,67	31,46	16,34	1,53
Lugo	65,85	19,90	13,69	0,55
Ourense	59,39	20,59	16,76	3,25
Pontevedra	44,85	36,45	17,01	1,69
Galicia	51,75	30,31	16,27	1,67

Fonte: IGE

2.2.3. Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar. Distribución segundo o sexo

O 53,64% dos homes galegos aprendeu a falar en galego, fronte ao 51,71% das mulleres. Considerando os que aprenderon a falar en castelán, as porcentaxes son do 32,34% para as mulleres e do 29,17% para os homes.

	PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE APRENDERON A FALAR. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O SEXO. GALICIA		
	Homes	Mulleres	Total
En galego	53,64	51,71	52,63
En castelán	29,17	32,34	30,82
Nas dúas	17,19	15,96	16,55

Fonte: IGE

Para a análise desta distribución e das seguintes non se consideran os casos das persoas que aprenderon a falar en linguas distintas do galego ou do castelán por falta de tamaño de mostra para facer unha análise significativa.

2.2.4. Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar. Distribución segundo a idade

O 70,82% dos galegos de 50 ou máis anos aprendeu a falar en galego, fronte ao 18,07% que aprendeu en castelán.

Considerando o grupo etáreo formado polos galegos de 30 a 49 anos, a porcentaxe dos que aprenderon a falar en galego baixa ata un 46,95%, mentres que os que aprenderon a falar en castelán sobe ata un 36,08%.

Para os máis novos, o grupo de 5 a 29 anos, a porcentaxe dos que aprenderon a falar en galego é a máis baixa dos tres grupos considerados (34,05%), mentres que a porcentaxe para os que aprenderon a falar en castelán é a máis alta (42,60%).

Analizando o caso dos que aprenderon nas dúas linguas, a porcentaxe para os de 5 a 29 anos é do 23,35%, para os de 30 a 49 anos é do 16,97% e para os de 50 ou máis anos é do 11,11%.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE APRENDERON A FALAR. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO A IDADE. GALICIA				
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos	Total
En galego	34,05	46,95	70,82	52,63
En castelán	42,60	36,08	18,07	30,82
Nas dúas	23,35	16,97	11,11	16,55

Fonte: IGE

2.3. Lingua na que lles falaban os seus pais cando eran nenos

2.3.1. Persoas segundo a lingua na que lles falaban os seus pais cando eran nenos

Ao 57,02% dos galegos, os seus pais falábanlle en galego, ao 19,96% en castelán, ao 12,26% máis en castelán ca en galego e ao 9,37% máis en galego ca en castelán.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE LLES FALABAN OS SEUS PAIS CANDO ERAN NENOS. GALICIA	
	Porcentaxe
Só galego	57,02
Máis galego ca castelán	9,37
Máis castelán ca galego	12,26
Só castelán	19,96
Noutra/s lingua/s	1,39

Fonte: IGE

2.3.2. Persoas segundo a lingua na que lles falaban os seus pais cando eran nenos. Distribución segundo a idade

Ao 76,93% dos galegos de 50 ou máis anos, os seus pais falábanlle só en galego e ao 12,75%, só en castelán.

Se consideramos as persoas de 30 a 49 anos, as porcentaxes son do 52,60% para os que lles falaban só galego e do 23,65% para os de só castelán.

Para as persoas de 5 a 29 anos, a porcentaxe dos galegos aos que os seus pais lles falaban só en galego é do 37,68%, a máis baixa dos grupos considerados, e a dos galegos aos que lles falaban só en castelán é do 26,80%, a máis alta dos grupos considerados.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE LLES FALABAN OS SEUS PAIS CANDO ERAN NENOS. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO A IDADE GALICIA				
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos	Total
Só galego	37,68	52,60	76,93	57,83
Máis galego ca castelán	13,26	10,18	6,16	9,50
Máis castelán ca galego	22,26	13,58	4,16	12,43
Só castelán	26,80	23,65	12,75	20,24

Fonte: IGE

Para a análise desta distribución non se consideran os casos das persoas ás que os seus pais lles falaban en linguas distintas do galego ou do castelán por falta de tamaño da mostra para facer unha análise significativa.

2.4. Lingua habitual de fala

2.4.1. Introducción

A poboación obxecto de estudo non comprende as persoas que, por causas físicas ou psíquicas, non poden falar.

2.4.2. Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente

O 42,62% dos galegos fala habitualmente en galego, o 18,38% fala máis en galego que en castelán, o 19,75% fala só en castelán e o 18,72% máis en castelán ca en galego.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE. GALICIA	
	Porcentaxe
Só galego	42,62
Máis galego ca castelán	18,38
Máis castelán ca galego	18,72
Só castelán	19,75
Noutra/s lingua/s	0,53

Fonte: IGE

Facendo unha análise por provincias, na Coruña o 42,69% das persoas fala habitualmente só en galego, un 21,93% só castelán, un 19,21% máis castelán ca galego e un 15,55% máis galego ca castelán.

Debe sinalarse que A Coruña é a provincia que presenta unhas porcentaxes máis similares coa media galega.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE. A CORUÑA	
	Porcentaxe
Só galego	42,69
Máis galego ca castelán	15,55
Máis castelán ca galego	19,21
Só castelán	21,93
Noutra/s lingua/s	0,62

Fonte: IGE

O 57,72% da poboación de Lugo fala habitualmente só galego, o 17,77% fala máis galego ca castelán, o 15,77% máis castelán ca galego e un 8,59% só castelán.

As porcentaxes de Lugo son máis altas cás galegas no referente ás persoas que falan só galego e máis galego ca castelán, en concreto, a porcentaxe dos que falan só galego é a máis alta de Galicia. No referente á poboación que fala só castelán, Lugo presenta a porcentaxe máis baixa de Galicia.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE. LUGO	
	Porcentaxe
Só galego	57,72
Máis galego ca castelán	17,77
Máis castelán ca galego	15,77
Só castelán	8,59
Noutra/s lingua/s	0,15

Fonte: IGE



O 51,50% da poboación de Ourense fala habitualmente só galego, un 23,18% máis galego ca castelán, un 11,90% máis castelán ca galego e un 12,33% só castelán.

Estas porcentaxes son máis altas que as medias galegas nos apartados de fala habitual en galego e máis galego ca castelán, e esta última é a máis alta de Galicia.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE. OURENSE	
	Porcentaxe
Só galego	51,50
Máis galego ca castelán	23,18
Máis castelán ca galego	11,90
Só castelán	12,33
Noutra/s lingua/s	1,08

Fonte: IGE

En Pontevedra, o 33,47% da poboación fala só galego, o 20,28% máis galego ca castelán, o 21,75% máis castelán ca galego e o 24,14% só castelán.

Pontevedra presenta as porcentaxes máis elevadas no referente á que fala habitualmente só castelán e á que fala máis castelán ca galego. Pola contra, é a provincia de Galicia onde menor porcentaxe de xente fala habitualmente só galego.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE. PONTEVEDRA	
	Porcentaxe
Só galego	33,47
Máis galego ca castelán	20,28
Máis castelán ca galego	21,75
Só castelán	24,14
Noutra/s lingua/s	0,36

Fonte: IGE

Para a análise de áreas non se consideraron as persoas que falan habitualmente outras linguas distintas do galego e do castelán por falta de tamaño da mostra.

Na Coruña, a área B, A Coruña occidental, presenta a máis alta porcentaxe de persoas que falan habitualmente só galego ou máis galego que castelán (88,46%), mentres a área D, comarca da Coruña, presenta a menor porcentaxe (33,63%).

Estas áreas non só presentan as porcentaxes máis alta e baixa da provincia, senón tamén de Galicia.

PERSOAS QUE FALAN HABITUALMENTE SO GALEGO OU MÁIS GALEGO CA CASTELÁN A CORUÑA	
	Porcentaxe
Área A	80,28
Área B	88,46
Área C	58,26
Área D	33,63
Área E	40,36
A Coruña	58,61

Fonte: IGE

Na provincia de Lugo, as áreas con maior e menor porcentaxe de persoas que falan habitualmente só galego ou máis galego ca castelán son, respectivamente, a área C, Lugo norte (85,11%) e a área B, comarca de Lugo (58,58%).

PERSOAS QUE FALAN HABITUALMENTE SO GALEGO OU MÁIS GALEGO CA CASTELÁN LUGO	
	Porcentaxe
Área A	81,06
Área B	58,58
Área C	85,11
Lugo	75,61

Fonte: IGE

En Ourense, a área que presenta a porcentaxe máis alta é a área A (82,96%).

PERSOAS QUE FALAN HABITUALMENTE SO GALEGO OU MÁIS GALEGO CA CASTELÁN OURENSE	
	Porcentaxe
Área A	82,96
Área B	64,54
Ourense	75,50

Fonte: IGE

En Pontevedra, a área B presenta unha porcentaxe do 87,62% de persoas que falan habitualmente só galego ou máis galego ca castelán, o que a converte na área con maior porcentaxe da provincia. Pola contra, a área D presenta unha porcentaxe do 33,89%, a máis baixa da provincia.

PERSOAS QUE FALAN HABITUALMENTE SO GALEGO OU MÁIS GALEGO CA CASTELÁN PONTEVEDRA	
	Porcentaxe
Área A	66,36
Área B	87,62
Área C	55,27
Área D	33,89
Pontevedra	53,95

Fonte: IGE

2.4.3. Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Distribución segundo o sexo

O 44,11% dos homes fala habitualmente só galego, fronte ao 41,68% das mulleres. Se consideramos as persoas que falan habitualmente só castelán, as porcentaxes son do 17,33% para os homes e do 22,18% para as mulleres.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O SEXO. GALICIA			
	Homes	Mulleres	Total
Só galego	44,11	41,68	42,85
Máis galego ca castelán	20,38	16,72	18,47
Máis castelán ca galego	18,17	19,42	18,82
Só castelán	17,33	22,18	19,86

Fonte: IGE

Para a análise desta táboa non se consideraron as persoas que falan habitualmente outras linguas distintas do galego e do castelán por falta de tamaño da mostra.

2.4.4. Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Distribución segundo a idade

O 58,87% das persoas galegas de 50 ou máis anos fala habitualmente só galego, un 18,71% máis galego ca castelán, o 10,28% máis castelán ca galego e o 12,14% só castelán. Este grupo etáreo é o que presenta as maiores porcentaxes de persoas cuxa lingua habitual é só galego e as máis baixas para só castelán e máis castelán ca galego.

Considerando o grupo etáreo composto polas persoas de 30 a 49 anos, a porcentaxe dos que falan só galego é do 36,65%, o 20,52% máis galego ca castelán, o 21,14% máis castelán ca galego e o 21,69% só castelán. A porcentaxe dos que falan máis galego ca castelán é a maior dos grupos considerados.

Por último, as porcentaxes para os galegos de 5 a 29 anos son do 27,83% para os que falan só galego, o 16,15% para os que falan máis galego ca castelán, o 27,80%



máis castelán ca galego, o 28,21% só castelán. Este grupo etáreo é o que presenta as maiores porcentaxes de poboación que fala só castelán e máis castelán ca galego. Ademais é o que presenta a menor porcentaxe dos que falan galego e máis galego ca castelán.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO A IDADE. GALICIA				
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos	Total
Só galego	27,83	36,65	58,87	42,85
Máis galego ca castelán	16,15	20,52	18,71	18,47
Máis castelán ca galego	27,80	21,14	10,28	18,82
Só castelán	28,21	21,69	12,14	19,86

Fonte: IGE

2.4.5. Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Distribución segundo o lugar de nacemento

O 45,55% da poboación galega que naceu en Galicia fala só galego, o 19,04% máis galego ca castelán, o 18,66% máis castelán ca galego e o 16,75% só castelán.

Considerando os nados noutra comunidade autónoma, a porcentaxe dos que falan só galego é do 4,83% e a dos que falan só castelán é do 67,73%.

O 19,92% dos nados noutro país falan habitualmente só galego, mentres o 41,59% fala só castelán.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO O LUGAR DE NACEMENTO GALICIA			
	En Galicia	Noutra comunidade autónoma	Noutro país
Só galego	45,55	4,83	19,92
Máis galego ca castelán	19,04	7,45	17,26
Máis castelán ca galego	18,66	20,09	21,23
Só castelán	16,75	67,63	41,59

Fonte: IGE

2.4.6. Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente. Distribución segundo a lingua na que aprenderon a falar

O 73,28% dos galegos que aprenderon a falar en galego fala habitualmente só galego. A porcentaxe experimenta unha forte baixada se consideramos os que falan só castelán, un 1,37%. Os restantes falan un 20,43% máis galego ca castelán e un 4,92% máis castelán ca galego.

Analizando os datos para aqueles galegos que aprenderon a falar en castelán, vemos que o 4,91% fala habitualmente só galego e o 54,10% só castelán. Os que falan máis castelán ca galego constitúen o 32,51% e os que falan máis galego ca castelán o 8,48%.

Para os que aprenderon a falar nas dúas linguas, a porcentaxe dos que falan só galego é do 18,69% e dos que falan só castelán é do 13,21%. Ao contrario que para as categorías anteriores, os que aprenderon a falar nas dúas linguas presentan as porcentaxes máis altas nos niveis mixtos. Así o 30,71% fala habitualmente máis galego ca castelán e o 37,39% máis castelán ca galego.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO A LINGUA NA QUE APRENDERON A FALAR. GALICIA			
	En galego	En castelán	Nas dúas
Só galego	73,28	4,91	18,69
Máis galego ca castelán	20,43	8,48	30,71
Máis castelán ca galego	4,92	32,51	37,39
Só castelán	1,37	54,10	13,21

Fonte: IGE

2.5. Lingua habitual de escritura

2.5.1. Introducción

A poboación obxecto de estudo non comprende aquelas persoas que, por causas psíquicas ou físicas, non están capacitadas para escribir, así como aquelas que, por diversas causas, non saben escribir.

Para a análise debe considerarse que, en determinadas táboas, non se consideran os casos das persoas que escriben habitualmente noutras linguas distintas do galego ou do castelán por falta de tamaño de mostra para facer unha análise significativa.

2.5.2. Persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente

O 84,86% dos galegos escribe habitualmente en castelán, fronte ao 14,41% que o fai en galego.

Analizando os datos por provincias, vemos que Lugo presenta a maior porcentaxe dos que escriben habitualmente en galego (18,00%), mentres que Ourense presenta a menor (13,62%). Loxicamente Lugo presenta a menor porcentaxe dos que

escriben habitualmente en castelán (81,24%) e Pontevedra a maior (85,75%).

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE ESCRIBEN HABITUALMENTE			
	Galego	Castelán	Outro caso
A Coruña	14,09	85,37	0,54
Lugo	18,00	81,24	0,76
Ourense	13,62	84,53	1,86
Pontevedra	13,70	85,75	0,55
Galicia	14,41	84,86	0,73

Fonte: IGE

2.5.3. Persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente. Distribución segundo a idade

O 23,72% dos galegos de 5 a 29 anos escribe habitualmente en galego. Considerando as persoas de 30 a 49 anos, a porcentaxe baixa ata un 12,99% e, se analizamos a poboación de 50 ou máis anos, a porcentaxe alcanza o seu menor valor (8,47%).

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE ESCRIBEN HABITUALMENTE. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO A IDADE. GALICIA				
	De 5 a 29 anos	De 30 a 49 anos	De 50 ou máis anos	Total
Galego	23,72	12,99	8,47	14,51
Castelán	76,28	87,01	91,53	85,49

Fonte: IGE

2.5.4. Persoas que escriben habitualmente en galego. Distribución segundo a lingua na que falan habitualmente

O 24,53% das persoas que falan habitualmente só galego escribe en galego. Considerando os que falan máis galego ca castelán, a porcentaxe baixa ata un 17,79%, mentres que, se consideramos os que falan máis castelán ca galego, a



porcentaxe é do 3,10% e para os que falan só castelán é do 1,61%.

PERSOAS QUE ESCRIBEN HABITUALMENTE EN GALEGO SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN HABITUALMENTE . GALICIA	
	Porcentaxe
Só galego	24,53
Máis galego ca castelán	17,79
Máis castelán ca galego	3,10
Só castelán	1,61
Total	14,52

Fonte: IGE

2.6. Cambio de lingua habitual de fala

2.6.1. Introducción

As seguintes epígrafes versan sobre os cambios de lingua habitual de fala, proporcionando información sobre a dirección e motivos deses cambios.

2.6.2. Persoas que cambiaron a lingua na que falaban habitualmente

Un 5,47% dos galegos cambiou a lingua na que falaba habitualmente.

Por provincias, a porcentaxe máis alta dáse na provincia de Ourense (6,37%) e a máis baixa en Lugo (4,28%). A Coruña presenta unha porcentaxe do 5,37% e Pontevedra dun 5,72%.

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE CAMBIARON A LINGUA NA QUE FALABAN	
	Porcentaxe
A Coruña	5,37
Lugo	4,28
Ourense	6,37
Pontevedra	5,72
Galicia	5,47

Fonte: IGE

2.6.3. Persoas que cambiaron a lingua na que falaban habitualmente

O 56,62% dos galegos que cambiou de lingua habitual de fala fíxoo de cara a falar só galego ou máis galego ca castelán.

Por provincias, Lugo é a que presenta a porcentaxe máis elevada (77,27%), mentres que Pontevedra presenta a menor (52,54%).

PERSOAS QUE CAMBIARON A LINGUA NA QUE FALABAN CARA FALAR GALEGO OU MÁIS GALEGO CA CASTELÁN. GALICIA	
	Porcentaxe
A Coruña	54,10
Lugo	77,27
Ourense	58,00
Pontevedra	52,54
Galicia	56,62

Fonte: IGE

2.6.4. Razóns polas que cambiaron a lingua na que falaban habitualmente segundo a dirección do cambio

O 60,27% das persoas que cambiou a lingua na que falaba habitualmente cara a falar máis galego ca castelán ou só galego fíxoo por decisión persoal, un 16,4% por influxo das amizades e un 14,37% por razóns de traballo.

Considerando as razóns polas que as persoas que cambiaron a lingua habitual de fala cara a falar só castelán ou máis castelán ca galego, o 29,28% foi por decisión persoal, o 21,86% por razóns de traballo e o 15,20% por influxo das amizades.

**RAZONS POLAS QUE CAMBIARON A LINGUA
NA QUE FALABAN HABITUALMENTE
SEGUNDO A DIRECCIÓN DO CAMBIO
GALICIA**

	Cara falar só galego / máis galego ca castelán	Cara falar só castelán / máis castelán ca galego
Decisión persoal	60,27	29,28
Influxo do ensino	9,75	14,12
Razóns de traballo	14,37	21,86
Influxo das amizades	16,40	15,20
Outras razóns	9,81	26,06

Fonte: IGE



3. Uso do galego

3.1. Introducción

Nesta epígrafe proporciónase información referente aos usos, tanto actuais como pasados, da lingua galega, facendo especial fincapé nos usos no ámbito familiar, os usos no ámbito educacional, no mundo laboral e no ámbito social.

3.2. Ámbito familiar

3.2.1. Persoas segundo a lingua na que falan con familiares

O 56,01% dos galegos fala sempre en galego cos irmáns, e é o grupo de familiares que alcanza a máis alta porcentaxe, o 55,03% fala en galego sempre coa parella e o 53,14% cos fillos.

O 46,33% fala sempre en galego cos avós, e é esta a porcentaxe máis baixa, o 46,85% fala sempre en galego co pai e o 48,86% coa nai.

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN CON FAMILIARES. GALICIA				
	Nai	Pai	Avos	Irmáns
En galego sempre	48,86	46,85	46,33	56,01
Máis galego ca castelán	6,77	7,16	9,59	5,55
Máis castelán ca galego	11,30	11,85	13,16	8,16
En castelán sempre	32,05	33,19	29,97	29,13
Outro caso	1,02	0,95	0,95	1,15

Fonte: IGE

PERSOAS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN CON FAMILIARES. GALICIA		
	Parella	Fillos
En galego sempre	55,03	53,14
Máis galego ca castelán	6,40	8,70
Máis castelán ca galego	9,65	11,74
En castelán sempre	28,14	25,69
Outro caso	0,78	0,73

Fonte: IGE

3.2.2. Persoas de 65 ou máis anos segundo a lingua na que falan ou falaban con familiares

O 89,36% das persoas de 65 ou máis anos fala ou falaba en galego ou máis galego ca castelán cos avós.

Pola contra, o 76,53% das persoas de 65 ou máis anos fala ou falaba cos fillos en galego ou máis galego ca castelán.

PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN OU FALABAN CON FAMILIARES. GALICIA				
	Nai	Pai	Avos	Irmáns
En galego / Máis galego ca castelán	86,41	86,34	89,36	84,84
En castelán / Máis castelán ca galego	13,59	13,66	10,64	15,16

Fonte: IGE

PERSOAS DE 65 OU MÁIS ANOS SEGUNDO A LINGUA NA QUE FALAN OU FALABAN CON FAMILIARES. GALICIA		
	Parella	Fillos
En galego / Máis galego ca castelán	82,26	76,53
En castelán / Máis castelán ca galego	17,74	23,47

Fonte: IGE

3.3. Ámbito laboral

3.3.1. Persoas segundo a lingua na que falan no ámbito laboral

O 58,45% dos traballadores galegos fala máis galego ca castelán ou sempre en galego cos compañeiros de traballo, o 56,42% cos clientes, o 54,69% co persoal ao seu cargo e o 48,07% cos superiores.

PERSOAS QUE FALAN MAIS GALEGO CA CASTELÁN OU SEMPRE EN GALEGO NO MEDIO LABORAL. GALICIA	
	Porcentaxe
Compañeiros de traballo	58,45
Persoal ó seu cargo	54,69
Superiores	48,07
Cientes	56,42

Fonte: IGE

3.4. Ámbito educacional

3.4.1. Persoas segundo a lingua que utilizan no ámbito do ensino

O 38,33% da poboación galega que estuda en Galicia recibe as clases en galego ou maioritariamente en galego.

Analizando a lingua na que responden aos exames, o 31,97% utiliza sempre ou maioritariamente o galego. Tamén é salientable sinalar que o 31,05% escribe maioritariamente ou sempre en galego na escola.

Por último, cómpre sinalar que o 35,01% dos estudantes de Galicia falan cos seus compañeiros en galego ou maioritariamente en galego, e esta porcentaxe é do 35,09% cando falan cos profesores.

PERSOAS QUE UTILIZAN MAIORITARIAMENTE OU SEMPRE O GALEGO NO ÁMBITO DO ENSINO. GALICIA	
	Porcentaxe
Lingua na que reciben as clases	38,33
Lingua na que responden ós exames	31,97
Lingua na que escriben na escola	31,05
Lingua na que falan cos compañeiros	35,01
Lingua na que falan cos profesores	35,09

Fonte: IGE

3.4.2. Persoas de 30 a 44 anos segundo a lingua que utilizaron no ámbito do ensino

Só o 5,35% das persoas de 30 a 44 anos recibiu as clases sempre en galego ou maioritariamente en galego, e esta porcentaxe é do 3,37% no referente a responder aos exames e do 4,08% no tocante ao idioma no que se escribía na escola.

Pola contra, un 48,40% das persoas dese grupo etáreo falaba en galego ou maioritariamente en galego cos seus compañeiros, mentres que un 20,97% o facía cos profesores.

PERSOAS DE 30 A 44 ANOS QUE UTILIZARON MAIORITARIAMENTE OU SEMPRE O GALEGO NO ÁMBITO DO ENSINO. GALICIA	
	Porcentaxe
Lingua na que recibían as clases	5,35
Lingua na que respondían ós exames	3,37
Lingua na que escribían na escola	4,08
Lingua na que falaban cos compañeiros	48,40
Lingua na que falaban cos profesores	20,97

Fonte: IGE

3.4.3. Persoas de 45 a 64 anos segundo a lingua que utilizaron no ámbito do ensino

O 7,34% das persoas de 45 a 64 anos recibía as clases en galego ou maioritariamente en galego, porcentaxe superior á do grupo etáreo composto polas persoas de 30 a 44 anos, que era do 5,35%.

Pola contra, o 3,76% respondía aos exames e o 4,65% escribía na escola en galego ou maioritariamente en galego, porcentaxes similares ás obtidas polas persoas de 30 a 44 anos.



Se consideramos a lingua na que falaban cos compañeiros, o 67,17% falaba sempre ou maioritariamente en galego, porcentaxe máis alta ca do grupo etéreo composto polas persoas de 30 a 44 anos, que era do 48,40%.

Analizando os datos referentes á lingua na que falaban cos seus profesores, o 23,03% utilizaba o galego ou maioritariamente o galego.

PERSOAS DE 45 A 64 ANOS QUE UTILIZARON MAIORITARIAMENTE OU SEMPRE O GALEGO NO ÁMBITO DO ENSINO. GALICIA	
	Porcentaxe
Lingua na que recibían as clases	7,34
Lingua na que respondían ós exames	3,76
Lingua na que escribían na escola	4,65
Lingua na que falaban cos compañeiros	67,17
Lingua na que falaban cos profesores	23,03

Fonte: IGE

3.4.4. Persoas de 65 ou máis anos segundo a lingua que utilizaron no ámbito do ensino

O 13,77% das persoas de 65 ou máis anos recibían as clases en galego ou maioritariamente en galego, porcentaxe máis alta que a de calquera dos grupos etéreos considerados, pero menor que a porcentaxe da actualidade.

O 5,45% respondía aos exames en galego ou maioritariamente en galego, e esta porcentaxe é do 7,08% en referencia á lingua na que escribían na escola.

A porcentaxe dos que falaban cos compañeiros en galego ou maioritariamente en galego é do 78,65%, a maior dos grupos etéreos considerados.

Cómpre sinalar que a porcentaxe de persoas que falaban cos profesores en

galego ou maioritariamente en galego é do 34,88%, a maior dos grupos de idade considerados.

PERSOAS DE 65 OU MAIS ANOS QUE UTILIZARON MAIORITARIAMENTE OU SEMPRE O GALEGO NO ÁMBITO DO ENSINO. GALICIA	
	Porcentaxe
Lingua na que recibían as clases	13,77
Lingua na que respondían ós exames	5,45
Lingua na que escribían na escola	7,08
Lingua na que falaban cos compañeiros	78,65
Lingua na que falaban cos profesores	34,88

Fonte: IGE

3.5. Ámbito social

3.5.1. Persoas segundo a lingua que utilizan no ámbito social

O 61,25% das persoas galegas utilizan sempre ou maioritariamente o galego coas amizades. Se consideramos o persoal da Administración, a porcentaxe baixa ata un 59,43%, co persoal do banco un 56,72%, cos profesores dos fillos un 51,01%, cos médicos un 53,71% e cos comerciantes un 57,60%.

PERSOAS QUE UTILIZAN MAIORITARIAMENTE OU SEMPRE O GALEGO NO ÁMBITO SOCIAL. GALICIA	
	Porcentaxe
Amizades	61,25
Comerciantes	57,60
Médicos	53,71
Profesores dos fillos	51,01
Persoal do banco	56,72
Persoal da administración	59,43

Fonte: IGE

As definicións dos conceptos utilizados pódense ver na publicación IGE. *Enquisa de condicións de vida das familias. Módulo de coñecemento e uso do galego. Principais resultados. Ano 2003* e na metodoloxía incluída na páxina web.

Máis información na nosa páxina web: <http://www.ige.xunta.es>

Teléfono de información: 981 54 15 89

FAX: 981 54 13 23

e-mail: ige@xunta.es



Enderezo postal:

Instituto Galego de Estatística
Complexo administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)